



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA (IGCC) E A FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS EN MATERIA DE BONO SOCIAL A COLECTIVOS DIRECTAMENTE RELACIONADOS COAS PERSOAS CONSUMIDORAS VULNERABLES

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en adiante IGCC), e no seu nome, a súa directora , , actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 13 dos estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160, do 25 de agosto de 2016) , e o artigo 1 da Resolución do 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74, do 18 de abril de 2017) .

Doutra parte en calidade de presidente da Fundación Sotavento Galicia, domiciliada en Momán-Xermade (Lugo) e ao abeiro das facultades que lle foron conferidas polo padroado da Fundación de data 22 de marzo de 2017.

As partes comparecentes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder abondo para obrigarse neste convenio, e para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o IGCC é un organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Economía, Emprego e Industria que, de acordo co Decreto 118/2016, do 4 de agosto, desenvolve unha ampla gama de fins relativos á defensa, promoción e información, e en definitiva, á protección do consumidor e usuario, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e a disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección das persoas consumidoras e usuarias. Entre os mencionados fins, atópase o de cooperación con outras entidades para a persecución dos obxectivos que lle son propios.

Segundo.- Que a Fundación Sotavento Galicia é unha Fundación de interese galego que ten entre os seus fins fundacionais a promoción, divulgación, formación, fomento e debate de todos os aspectos relacionados coas enerxías renovables, así como a promoción e realización de proxectos, estudos e outras actuacións de investigación e experimentación relacionados coa enerxía eólica en particular e coas enerxías renovables en xeral; fomentar e divulgar a importancia do aforro e a eficiencia enerxética para conseguir un desenvolvemento sostible, promover, divulgar e fomentar actuacións que vinculen o desenvolvemento enerxético á protección do



medio ambiente, así como calquera outro tipo de actuación que implique unha mellora na optimización e implantación das enerxías renovables en xeral, e da eólica en particular.

A Fundación Sotavento Galicia dispón no Parque Eólico Experimental Sotavento dunha vivenda bioclimática demostrativa con amplas potencialidades demostrativas e divulgativas. É o único parque eólico en Galicia no que priman os obxectivos de formación, divulgación, fomento e debate sobre os temas enerxéticos.

Terceiro.- Que na sociedade galega existe un grande descoñecemento da factura da luz e dos elementos que a compoñen. Por outra banda ao ser un artigo de primeira necesidade as constantes subidas no prezo xeran dificultades para asumir o seu custe.

Neste contexto hai que ter en conta ás persoas consumidoras máis vulnerables como aqueles con rendas máis baixas.

Como resposta da administración a esta problemática xurde o Bono Social como mecanismo que forma parte da factura da luz consistente nun desconto sobre a factura da luz que regula o Goberno e que busca protexer ás persoas consumidoras vulnerables con menores posibilidades económicas.

Recentemente producíronse cambios significativos nos que se establecen novos criterios para ser beneficiario do Bono Social, establecéndose diferentes categorías de clientes vulnerables, que accederán a uns descontos distintos en función da súa situación económica. Á súa vez, dentro de cada categoría atopamos subcategorías aos que corresponden distintos porcentaxes de aforro que poden ir dende o 25 % ata a totalidade do importe.

A identificación do tipo de consumidor vulnerable é fundamental para a coñecer o porcentaxe de desconto que lle corresponde. Para facelo é necesario coñecer a renda e situación persoal dos posibles persoas beneficiarias así como unha serie de cálculos baseados en distintas variables como o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), entre outros.

Ante este novo escenario a Xunta de Galicia pretende establecer unha estratexia para facer chegar o Bono Social aos colectivos considerados vulnerables e reforzar as axudas ás persoas consumidoras vulnerables severos en risco de exclusión social.

Cuarto.- Que o proxecto bono social nace, cos seguintes obxectivos principais:

-Facer chegar o Bono Social ás persoas vulnerables a través dos colectivos que traballan acotío con eles: asociacións, ONGs, traballadores e traballadoras sociais, etc., facilitándolles a identificación dos distintos grupos de risco e proporcionándolles ferramentas, estratexias e consellos específicos e adaptados a cada grupo concreto

-Informar sobre o reforzo, por parte da Xunta de Galicia, das axudas que se conceden a través do Bono Social.

Eses colectivos que traballan acotío con colectivos desfavorecidos e/ou vulnerables, necesitan ferramentas e discursos útiles e realistas debendo fuxir de presentación e disertacións que non se atopen achegadas á difícil realidade que atopan non seu traballo diario.

Baixo un criterio de optimización de recursos a mellor forma de logralo é a través dos colectivos que traballan directamente con eles: Cruz Vermella, Cáritas, traballadores e traballadoras sociais, asociacións, etc.

Quinto.- Que concorren na sinatura deste convenio razóns de interese público xa que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGCC, considera necesario impulsar a realización de actividades de interese xeral en materia de enerxía e consumo, como son a posta en marcha de actuacións de formación e asesoramento aos cidadáns de Galicia mais desfavorecidos e poder beneficiarse da aplicación do Bono Social en función das súas circunstancias e a protección dos intereses económicos dos galegos, tendo en conta ademais que, na conxuntura actual, ponse de manifesto certa complexidade para os colectivos que traballan acotío solicitando ou informando sobre estes descontos sendo fundamental informar e apoiar eficazmente a estes colectivos co fin de que poidan facer chegar o Bono Social aos seus destinatarios dun xeito áxil e eficaz.

Sexto.- Que a necesidade de establecer mecanismos de coordinación e colaboración tendentes a potenciar a protección do consumidor vulnerables de ambas entidades no ámbito das competencias propias de cada unha delas, vai a determinar a subscripción do presente convenio, conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o IGCC e a Fundación Sotavento Galicia para a continuación da campaña “Dálle luz á túa factura” enfocado primordialmente o proxecto Bono Social.

Concretamente consistirá na realización de actividades de información y formación impartidas a colectivos que traballan acotío máis apegados ás persoas consumidoras en xeral (Asociacións de Consumidores, Concellos...) e ás persoas mais vulnerables en particular(Cruz Vermella, Cáritas, traballadores sociais, Asociacións persoas maiores,...) para facerlles chegar o Bono Social e se poidan beneficiar das súas vantaxes.

Son obxectivos principais do convenio:



1. Facer chegar o Bono Social, características e descontos, aos colectivos aos que vai dirixido través dos traballadores e traballadoras sociais de Concellos, organizacións non gobernamentais, etc. Para que eles podan facelo chegar dun xeito directo as persoas beneficiarias
2. Achegar á poboación en xeral, a través do persoal dos seus Concellos, as oportunidades que brindan as novas tecnoloxías en canto a rendemento, capacidade, amortización....
3. Dar a coñecer as axudas da Xunta de Galicia encamiñadas a favorecer o uso de tecnoloxías mais limpas e o aforro e a eficiencia enerxética: prazos de solicitude, características, aspectos subvencionables, así como as axudas complementarias do Bono Social da Xunta de Galicia.
4. Facilitar aos traballadores e traballadoras sociais de Concellos, ONGs, etc. A identificación dos grupos e subgrupos categorizados dentro do Bono Social.
5. Aportar ferramentas e estratexias para aforrar na factura adaptadas a cada necesidade concreta.
6. Servir de apoio en xestións e dúbidas das persoas que traballan cos colectivos vulnerables, así como as posibles persoas beneficiarias no Bono Social.

Segunda. Compromisos da Fundación Sotavento

1.- Realización de xuntanzas informativas específicas para os colectivos profesionais que traballan directamente coas persoas beneficiarias no Bono Social e co público en xeral cara para lograr os obxectivos expostos anteriormente. Como xa comentamos anteriormente, necesitan ferramentas e discursos útiles e realistas debendo fuxir de presentación e disertacións que non se atopan achegadas á difícil realidade que atopan no seu traballo diario.

En total realizaríanse 12 xuntanzas en outras tantas vilas galegas a definir pola Consellería. Establecerase unha hora como referencia temporal en canto á súa duración; podendo chegar a tres en función do público. A data límite de celebración destas xornadas será o 30/03/2019.

2.- Encargarse de xestionar o acondicionamento e preparación dos locais que previamente lle indique o IGCC, necesaria para a celebración das xornadas.

3.- A convocatoria e invitación formal dos colectivos elixidos para estas xuntanzas unha vez lle sexan facilitados os datos de contacto referenciados no punto 1 anterior.



Nestas xuntanzas levarase a cabo a formación e asesoramento aos devanditos colectivos en materia de aforro e eficiencia enerxética adaptadas a cada categoría recollida no Bono Social.

4.- Formación básica sobre conceptos relacionados co Bono Social, identificación da categoría dentro dos colectivos vulnerables.

4.- Creación dun relato diferenciado para cada un dos grupos e subgrupos de persoas beneficiarias do Bono Social. (factura da luz e estratexias de aforro e eficiencia enerxética no fogar destes colectivos).

5.- Formación básica sobre funcionamento e características de novas tecnoloxías de xeración de calor, frío e electricidade: caldeiras de biomasa, bombas de calor, fotovoltaicas, etc.

6.- Posta en marcha dunha liña telefónica personalizada e individualizada. Trátase dunha liña telefónica que será atendida ca sensibilidade, profesionalidade e rigorosidade que requiren os colectivos aos que vai dirixida a campaña. Dito servizo estará operativo ata o 30/04/219.

Ademais de atender todas as dúbidas e cuestións, tamén pretende servir de apoio técnico eficaz de cara a facilitar os trámites e dúbidas concretas que podan xurdir.

O interlocutor desta liña telefónica será sempre a mesma persoa coa que pretendemos aportar a necesaria personalización das consultas, así como o establecemento dun vínculo de confianza coas persoas que necesiten este apoio. Esta persoa pedirá os datos do solicitante co fin de solucionar en directo ou en diferido as demandas realizadas polos usuarios desta liña telefónica. A Fundación Sotavento Galicia durante a vixencia do convenio terá contacto directo coa persoa da Consellería de Economía, Emprego e Industria encargada da tramitación do Bono Social de cara a facilitar a resolución de dúbidas que puidesen xurdir nestas consultas.

6.- Incluír na web da Fundación información sobre as actuacións, obxecto deste convenio.

Terceira. Compromisos do IGCC

1.- Determinar , respecto das 12 xuntanzas, a ubicación e xestión do local onde se van a desenvolver as charlas e a identificación dos colectivos profesionais, así como os datos de contacto para a convocatoria das charlas (correo electrónico, teléfono e nome da persoa de contacto

2. Achegar 12.000 € para a realización das actuacións.



3.- Facilitar o asesoramento e apoio técnico que sexa necesario para a elaboración dos contidos formativos desta formación obxecto do convenio.

4.-Incluír na web do organismo información sobre as actuacións, obxecto deste convenio.

Cuarta. Contía da achega

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o IGCC achegará a cantidade de 12.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 09.80.613A.640.1 do orzamento de gastos do IGCC para o ano 2019.

Quinta. Xustificación e pagamento

O IGCC non poderá realizar o pagamento deste convenio mentres a Fundación Sotavento Galicia non cumpra ou garanta, conforme a lei, a súa respectiva obriga. A Fundación Sotavento Galicia procederá a facturar as prestacións derivadas deste convenio ó IGCC.

En virtude do anterior o IGCC fará efectivo á Fundación Sotavento Galicia un único pago por importe total de 12.000 € (IVE incluído) antes do 31 de maio de 2019, previa xustificación, antes do 15 de maio de 2019, de todas as actuacións realizadas e a súa comprobación polo persoal do IGCC.

Para a xustificación e pago desta última achega a Fundación Sotavento Galicia facilitará ao IGCC, a finalización das súas actuacións, en todo caso, antes do 15 de maio de 2019:

1. Un informe final de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións impostas, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos antes do 15 de maio de 2019.
2. Unha memoria económica xustificativa e detallada do custo das actividades realizadas acompañada das facturas ou de documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
3. Unha certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi subscrito o presente convenio acompañada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
4. Unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ante á Axencia Tributaria e á fronte da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
5. Unha declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das



administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como dos entes privados.

A Fundación Sotavento Galicia achegará unha certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria da Fundación Sotavento Galicia onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

Sexta. Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos elementos que se usen neste convenio será conxunta do IGCC e da Fundación Sotavento Galicia. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa do IGCC e da Fundación Sotavento Galicia, deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

Sétima. Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, a súa vixencia rematará o 31 de maio de 2019.

Non se contempla a posibilidade de prórroga da vixencia do convenio.

Oitava. Contratación.

Para o desenvolvemento das actuacións a Fundación Sotavento Galicia efectuará as contratacións precisas.

Novena. Comisión de seguimento.

Para o seguimento e cumprimento do presente convenio, designarase, de común acordo entre as partes, unha comisión de seguimento e control formada por un representante do IGCC e da Fundación Sotavento Galicia e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades dos proxectos e actuacións que se aborden.

Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, as eventuais controversias que poidan xurdir, serán de competencia e de coñecemento da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.



Décima . Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a. Incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b. Transcurso do tempo estipulado sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- c. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación. Neste suposto, unha vez comprobada a adecuada xustificación, serán aboados os gastos efectivamente realizados para o desenvolvemento da actividade obxecto do convenio
- d. Acordo mutuo das partes.

Décimo primeira. Protección de datos.

De acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, DOUE do 4 de maio), as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderás dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Décimo segunda.- Publicidade.

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior a Fundación Sotavento Galicia consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo Terceira. Natureza e réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares; polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración en duplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

A PRESIDENTA DO IGCC

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN
SOTAVENTO GALICIA

*Constatase expresamente que
este convenio foi
efectivamente asinado*

*Constatase expresamente
que este convenio foi
efectivamente asinado*